

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MAIO DE 2017**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	8
5	TEMPERATURA	12
5.1.	Temperatura media das máximas.	12
5.2.	Temperatura media das mínimas.	13
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	14
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	18
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual maio 2017	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en maio de 2017	21
6.4.	Evolución da precipitación en maio de 2017	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 14/06/2017



Mes húmido e extremadamente cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio quedou marcado en xeral pola alta variabilidade, con oscilacións entre períodos anticiclónicos cálidos e outros de borrasca, máis fríos e tormentosos, practicamente sen solución de continuidade.

Deste xeito, o primeiro día do mes foi de transición, xa que na xornada do 30 de maio rexistrábase o paso dun sistema frontal. Unha xornada na que foi entrando o anticiclón, estabilizando a atmosfera, pero aínda predominaron as nubes e as temperaturas suaves.

Nos seguintes 3 días houbo a primeira entrada do mes de aire cálido procedente do sur, o que fixo que tivésemos 3 xornadas en xeral de sol e calor, con valores de temperatura máxima que superaron os 30°C en moitos puntos da metade sur.

O día 5 produciuse un cambio moi significativo nas condicións meteorolóxicas pola chegada dunha borrasca que se localizaba ao oeste da península Ibérica, deixando en moitos lugares un descenso superior aos 10°C e con chuvascos xeneralizados de carácter localmente tormentoso.

Ao día seguinte, día 6, as temperaturas continuaron sendo baixas e as chuvias seguiron presentes, pero xa con menor intensidade. O día 7 volveron a entrar as altas presións, situándose ao norte da península Ibérica e ocasionaron a segunda entrada de aire cálido, polo que nas xornadas do 7 e 8 o sol e as elevadas temperaturas foron as características máis salientables da meteoroloxía.

No día 9 a borrasca situada ao norte dos Azores achegouse a Galicia e a mestura da masa de aire cálido en superficie e frío en altura provocou inestabilidade e chuvascos intensos na metade leste da Comunidade, rexistrándose 8.716 raios durante a tarde, principalmente en Lugo e no leste de Ourense.

O descenso de temperatura continuou na seguinte xornada cando os chuvascos foron xa xeneralizados e de carácter tormentoso en moitos puntos.

Na seguintes 3 xornadas, entre o 11 e o 13, Galicia quedou baixo a influencia das baixas presións, que deixaron o paso de fronteiras moi activas e polo tanto chuvias xeneralizadas e de intensidade moderada.

O día 14 foi de transición cara a unha situación anticiclónica, que deixou os días 15 e 16 con tempo seco e de novo cun importante ascenso das temperaturas.



No día 17 unha fronte moi pouco activa chegaba a Galicia, causando algunhas chuvias febles a primeiras horas. Nas dúas xornadas seguintes tivemos unha situación indefinida entre altas e baixas presións, con aire frío chegando dende o norte, de xeito que en xeral o tempo foi seco, pero as temperaturas baixas.

A partir do día 20 as altas presións fóronse consolidando e iniciouse un período de 5 días marcado de novo pola chegada de aire cálido procedente do norte de África. As temperaturas foron ascendendo nese período e na xornada do 24 superáronse os 35°C nalgúns puntos de Galicia, rexistrándose en Ourense o valor de temperatura máis alto da serie histórica nun mes de maio.

Esta situación cambiou o día 25 pola chegada de aire frío. De novo, ao igual que sucederá o día 9, a mestura de aire moi cálido en superficie e frío en altura deixou nesa xornada do 25 chuvascos localmente tormentosos que continuaron ao día seguinte. Nesa xornada do 26, as tormentas foron xeneralizadas e rexistrouse o número de raios máis elevado desde o ano 2010 (ano de inicio dos rexistros), superándose os 9000 raios contabilizados durante a xornada.

Nos días 27, 28 e 29 aínda se rexistraron chuvascos, pero de menor intensidade en xeral e con menos frecuencia que nos dous días anteriores. Rematamos o mes con dúas xornadas, as do 30 e 31, de anticiclón débil, pero suficiente para deixar un tempo seco e con temperaturas suaves, propias da época do ano..

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e de xeopotencial de 500 hPa (Figura 2) vese que Galicia queda nunha situación intermedia entre a anomalía negativa situada no atlántico e a positiva que dende Islandia abrangue a boa parte do continente europeo. Esta configuración deixou un mes de fortes contrastes entre días nos que Galicia quedou na influencia das baixas presións do Atlántico acompañadas de aire frío en altura, e días de predominancia das altas presións con aporte cálido.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa. maio de 2017




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MAIO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.2/17.4	15.0	17.0 (1989)	12.1 (1984)
Tª mínima media	13.9/13.7	11.9	13.8 (1989)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	9.8/9.2 (día 1/1)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	17.6/17.3 (día 15/15)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	20.5/21.2	18.0	20.2 (1989)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	27.3/28.1 (día 21/24)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	16.4/16.7 (día 18/1)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	70	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	10	11	21 (1983)	1 (1994)

Comentario: Mes extremadamente cálido para as medias e as máximas, mentres que para as mínimas está no limiar de ser extremadamente cálido como nos outros casos. En negriña móstranse os valores de temperatura que superaron os limiares máximos da serie para estas variables.

A precipitación rexistrada está dentro da normalidade. Tamén o número de días de chuvia foron moi próximos aos normais nun mes de maio.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	MAIO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.9	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	11.8	9.8	12.1 (1989)	7.0 (1984)
Tª mínima absoluta	4.4 (día 1)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.8 (día 25)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	21.9	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 24)	34.9 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	13.1 (día 1)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	212	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	23 (1993)	2 (1987)

Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia estivo moi preto do valor climático normal.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	MAIO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.3	13.4	16.1 (1989)	9.6 (1984)
Tª mínima media	9.7	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	0.7 (día 1)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 16)	16.0 (12/05/1999)		
Tª máxima media	22.9	18.8	22.8 (1989)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	34.1 (día 24)	34.6 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	15.1 (día 1)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	123	59-86	193 (1997)	11 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	21 (1983)	3 (1987)

Comentario: Mes extremadamente cálido para as máximas e as medias. As mínimas resultaron moi cálidas. En negriña, preséntanse os valores superiores aos máximos da serie.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia, foi inferior o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.8	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	12.8	10.2	12.4 (2011)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	5.0 (día 1)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.3 (día 26)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	22.7	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	33.4 (día 23)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	16.7 (día 1)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	163	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	23 (1997)	3 (1991)

Comentario: Mes en xeral extremadamente cálido tendo en conta todas as temperaturas. En negriña, preséntase o caso no que se superou o limiar máis alto da serie.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido, o número de días de chuvia, está moi preto do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2017. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	MAIO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.7	16.2	19.2 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.1	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	0.8 (día 1)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.1 (día 26)	16.6 (29/05/2001)		
Tª máxima media	26.2	22.9	27.0 (2011)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	37.8 (día 24)	37.4 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	17.5 (día 5)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	86	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	9	10	18 (2008)	0 (1976)

Comentario: Mes en xeral moi cálido para todas as temperaturas, no que se acadou o rexistro máis alto de temperatura máxima da serie para este mes de maio.

A chuvia rexistrada, estivo moi por encima do rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido, mentres que o número de días de chuvia estivo moi preto do valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2017. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

O mes quedou caracterizado por oscilacións moi bruscas e continuas entre períodos cálidos e outros máis suaves. Os períodos cálidos deixaron temperaturas moi elevadas para un mes de maio, polo que o mes témolo que considerar en xeral extremadamente cálido. Cabe destacar que neste mes de maio acadáronse rexistros históricos máximos no media das temperaturas máximas e medias (por exemplo na cidade da Coruña), das temperaturas mínimas (Lourizán), e mesmo nalgunhas localidades como Ourense, rexistrándose o valor máis alto da serie en temperatura máxima.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2017.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de maio para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 21.1 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña ourensá e na serra do Xistral, con valores próximos aos 15 °C e os valores máis altos (entorno aos 26 °C) na comarca do Ribeiro.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio para o territorio galego foi de 10°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no macizo de Manzaneda e zonas altas das comarcas de Viana e Valdeorras (preto de 6.0 °C) e os máis altos no litoral das Rías Baixas, (con valores próximos aos 14 °C)..




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de maio, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 2.6 °C. As anomalías foron positivas en toda a Comunidade, oscilando entre +1°C en zonas do litoral e puntos do interior e +4°C en zonas altas do leste de Galicia.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade obtivéronse principalmente nas comarcas de Valdeorras e Sarria con anomalías positivas que superaron os 3°C .(Táboa 1) e as máis baixas que en todo momento superaron os + 1°C déronse en distintas localidades do litoral galego (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Silleda	Pontevedra	3.7
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	3.7
Triacastela	Lugo	3.6
Quiroga	Lugo	3.6
Samos	Lugo	3.6
Petín	Ourense	3.5
Vilardevós	Ourense	3.5
Lalín	Pontevedra	3.5
Rúa (A)	Ourense	3.5
Larouco	Ourense	3.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de maio de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambados	Pontevedra	1.1
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.3
Grove (O)	Pontevedra	1.4
Ribeira	A Coruña	1.4
Ribadeo	Lugo	1.4
Camariñas	A Coruña	1.5
Pontevedra	Pontevedra	1.5
Foz	Lugo	1.5
Barreiros	Lugo	1.6
Muros	A Coruña	1.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de maio de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do día 24 foi a máis calorosa deste mes de Maio, superándose en moitos lugares os 30 °C en altitudes baixas, e con valores próximos aos mesmos en altitudes elevadas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2017				
<u>por debaixo dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/05/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	39.1
24/05/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.5
24/05/2017	Ourense	Ourense	Ourense	37.8
24/05/2017	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	37.7
23/05/2017	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	36.2
24/05/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	36.1
24/05/2017	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	35.8
24/05/2017	Areas	Tui	Pontevedra	35.7
24/05/2017	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	35.7
24/05/2017	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	35.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2017				
<u>por enriba dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/05/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	29.6
24/05/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	29.4
24/05/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	29.1
24/05/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	28.7
24/05/2017	Xurés	Muiños	Ourense	28.7
24/05/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	27.7
24/05/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	27.4
24/05/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	26.8
24/05/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	26.2
24/05/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	25.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A primeira xornada do mes foi a máis fría ,con temperaturas moi por debaixo dos 0°C principalmente por riba dos 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/05/2017	Xares	A Veiga	Ourense	-4.2
01/05/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-4.1
01/05/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-3.4
01/05/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	-2.1
01/05/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.8
01/05/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	-1.7
01/05/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-1.6
01/05/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.3
01/05/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.6
01/05/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-0.6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/05/2017	Baltar	Baltar	Ourense	-2.0
02/05/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-1.4
01/05/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-1.1
01/05/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-0.9
01/05/2017	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	-0.7
01/05/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.2
01/05/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-0.2
01/05/2017	Ordes	Ordes	A Coruña	0.0
01/05/2017	Bóveda	Bóveda	Lugo	0.3
01/05/2017	Olveda	Antas de Ulla	Lugo	0.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 16.95 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 2.56 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido, debido ás altas temperaturas máximas e mínimas. O maio deste ano acadou o valor máis alto da serie e é similar ao ano 1989.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron superiores ao normal nun mes de maio, aínda que o número de días de chuvia estivo algo por debaixo do agardado. Isto quere dicir que en xeral, as chuvias estiveron causadas por fronteas moi activas ou situacións de carácter treboento que deixaron chuvias de intensidade moderada ou forte.

A chuvia media no mes de maio obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 126 L/m², estando por riba do que cabe agardar nun mes de maio normal. Os valores máis altos foron os rexistrados na montaña do interior de Pontevedra e na comarca do Sar e interior de Noia, superando os 200 L/m². Os valores máis baixos acadáronse no litoral das comarcas de Bergantiños e A Coruña e na de Valdeorras, con valores entorno aos 70 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual maio 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 22 % superior ao período de referencia 1981-2010. Os valores máis altos acadáronse no sur da provincia de A Coruña, interior de Pontevedra, interior de Lugo e suroeste de Ourense, onde se superou o 100% do normal. Esta distribución débese ao carácter convectivo dos días con precipitacións máis abundantes.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2017.

6.3. Días de chuva en maio de 2017

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 10.3. Os valores máximos obtivéronse nas comarcas de Ortelgal e a Mariña Occidental, con valores próximos aos 15 días. Os valores máis baixos, na comarca de Ourense, acadándose ata 7 días.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de maio de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de maio. As cantidades maiores de precipitación acumulada estiveron principalmente nas terras do Salnés e do Barbanza, os valores de precipitación máis altos en 24 horas sucederon nas xornadas do 10 ao 11.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	241
Muralla	Lousame	A Coruña	229
Costa	Rois	A Coruña	225
Santiago-EOAS	Santiago de Compostela	A Coruña	212
Pereira	Forcarei	Pontevedra	211
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	202
Lesende	Lousame	A Coruña	200
Entrimo	Entrimo	Ourense	194
Areiro	Pontevedra	Pontevedra	191
Santiago-San Lázaro	Santiago de Compostela	A Coruña	185

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Costa	ROIS	A Coruña	96	10/05/2017 21:00
Lesende	LOUSAME	A Coruña	72	10/05/2017 19:20
Areiro	PONTEVEDRA	Pontevedra	70	11/05/2017 16:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	68	10/05/2017 20:20
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	63	11/05/2017 16:40
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	62	11/05/2017 04:30
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	61	11/05/2017 00:30
Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	61	11/05/2017 16:20
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	60	11/05/2017 05:00
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	60	10/05/2017 20:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en maio de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 119 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 24 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse os días nos que houbo estacións que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h. Tan só houbo un caso no que se superaron os 100 km/h, tal e como se mostra na táboa. Destacan as elevadas porcentaxes de calmas que presentan as estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
05/05/2017	Lira	Carnota	A Coruña	100.2

Táboa 10: Refachos máximos de vento por enriba dos 100km/h en maio de 2017.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	100.2	S	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira (1015) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (1015) # 062017</p>
		Día 5				
Pta. Candieira	Cedeira	98.8	SO	16	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (1000) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (1000) # 062017</p>
		Día 5				
Malpica	Malpica	67.9	SE	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Malpica (1000) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Malpica (1000) # 062017</p>
		Día 5				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	78.8	SE	12		
		Día 5				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de Maio de 2017 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	71.3	E	11		
		Día 13				
Ancares	Cervantes	81.1	S	9		

Táboa 12: Resumo vento no mes de Maio de 2017 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	66.9	NE	11		
		Día 11				
Rodicio	Maceda	64.7	SO	13		
		Día 5				
Gandarela	Celanova	65.4	NO	36		
		Día 25				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Maio de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	83.9	S	9		
		Día 5				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	68.9	NO	7	<p>INTENSIDADES PONDEDADAS COA DIRECCIÓN # Ons (19128) # 05/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Ons (19128) # 05/2017</p>
		Día 5				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de maio de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de maio de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



40 68 95 122 150

Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de maio 23612 raios en Galicia destacando as xornadas do 9 e do 26, (figura 15). Por provincias, Lugo destacou polo elevado número de raios detectados, mentres que A Coruña foi a provincia menos afectada polas treboadas (figura 16).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Maio de 2017.




Figura 16: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Maio de 2017.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que 2017 rexistrou o valor máis alto de raios detectados dende 2010, cun valor que é o dobre dos raios rexistrados en 2011 (11645)..




Figura 17: Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 5

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
A Coruña																												
A Gándara	14.4	18.58	32.7	24	11.0	6.5	1	97	22.7	5	-12	80	94	62	47	210	1904	18	92	13	967	13	0					
Aldea Nova	15.2	19.8	28.9	24	11.5	6.3	1	101	17.2	28	0	82	98	61	41	185	1738	9	55	13	982	14	0					
Arzúa	15.4	21.8	33.0	24	9.8	1.3	1	141	26.2	13	27	80	97	54	47	210	1881	6	69	13	972	11	0					
Camariñas	16.3	18.62	28.4	24	13.6	9.6	2	92	26.5	5	-32	78	88	65	54	244	2114	16	66	13	1013	12	0					
Cariño	15.5	18.03	24.1	21	13.4	9.7	1	86	15.8	13	-19	85	95	73	47	211	1919	13	77	6	1014	13	0					
Cespón	17.4	22.78	33.3	24	12.5	5.3	1	184	50.6	11	60	80	97	58	52	234	1988	7	54	5	1010	14	0					
CIS Ferrol	16.8	22.1	32.5	24	12.8	7.4	1	96	21.5	13	-25	78	96	56	50	225	1913	9	59	11	1011	14	0					
Corrubedo	17.2	21.15	31.5	23	13.6	9.8	18	83	20.4	5	-47	77	91	60	54	243	2097	12	75	5	1011	12	0					
Coruña-Dique	16.1	19.24	25.6	24	13.6	8.6	1	46	12.6	26	-	78	90	62	-	-	-	14	69	5	1014	11	0					
Coruña-Torre de Hércul	16.7	20.46	27.3	21	13.9	9.8	1	69	18.0	26	-	74	86	58	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
*Costa	16.5	22.01	33.0	24	11.7	3.8	1	224	71.6	11	-	82	98	61	-	-	-	4	42	5	994	12	0					
*Coto Muiño	15.0	21.24	33.1	24	9.8	2.4	2	131	37.9	5	-	83	98	61	-	-	-	3	41	5	-	14	0					
Fontecada	15.0	20.35	32.4	24	10.7	3.4	1	180	38.5	11	69	78	93	56	45	202	1800	10	69	13	972	14	0					
*Guísamo	16.4	21.75	33.8	24	12.4	5.8	1	97	27.5	12	-	71	86	52	-	-	-	3	35	26	994	15	0					
*Lesende	16.3	20.98	31.8	24	12.1	5.8	1	200	60.0	11	83	73	87	55	43	193	1806	4	43	14	994	13	0					
Lira	16.5	19.91	31.6	23	13.4	9.4	1	91	31.2	29	-30	79	91	63	54	241	2037	17	100	5	-	13	0					
Mabegondo	16.5	23.23	34.1	24	10.9	4.3	1	97	16.9	26	-21	81	96	57	48	219	1933	7	70	13	1004	14	0					
Malpica	14.9	19.14	28.8	24	12.0	7.1	1	71	14.9	26	-36	84	96	67	52	235	2004	16	67	5	996	12	0					
Marco da Curra	13.5	18.83	30.1	24	9.4	2.7	1	127	21.4	12	23	81	95	59	45	204	1791	16	78	5	941	15	0					
Melide	15.4	22	33.1	24	9.5	2.0	1	119	24.2	26	-3	77	95	53	47	212	1973	7	53	5	960	12	0					
Muralla	14.2	18.2	29.3	24	10.6	4.3	1	228	57.7	11	134	82	95	65	40	181	1589	19	92	13	939	15	0					
*O Val	16.3	21.2	29.8	24	12.3	7.4	1	88	20.0	10	-	80	95	62	-	-	-	4	34	13	1006	13	0					
Olas	15.0	20.74	32.7	24	10.4	3.0	1	154	31.3	11	47	83	98	59	45	202	1807	10	66	13	-	13	0					
*Ordes	15.3	21.56	33.4	24	9.5	0.0	1	163	45.5	11	-	79	95	55	-	-	-	4	44	13	983	14	1					
*Paramos	14.9	20.41	32.0	24	10.1	2.9	1	158	41.4	13	-	85	99	64	-	-	-	6	53	26	972	14	0					
*Pazo de Galegos	16.9	23.04	33.4	24	11.8	4.2	1	152	37.1	26	32	79	97	57	46	206	1885	3	37	11	988	12	0					
Punta Candieira	15.5	19.11	30.8	24	12.5	8.4	1	71	17.4	26	-46	79	94	62	50	228	1980	20	98	5	985	13	0					
Punta Langosteira	15.8	18.13	22.9	15	13.9	8.8	1	54	13.4	10	-	72	82	59	49	185	1934	12	77	14	1012	14	0					
Río do Sol	14.0	18.81	31.7	24	10.2	3.3	1	124	26.9	10	18	81	96	62	45	202	1845	18	82	13	952	14	0					
*Rus	16.3	22.27	35.3	24	11.0	4.5	3	107	18.4	10	-	82	97	59	-	-	-	4	40	6	999	14	0					
Sálvora	16.5	19.21	30.1	24	14.4	10.0	2	105	25.0	10	-18	82	91	67	60	269	2163	19	73	5	-	13	0					
Santiago-EOAS	16.3	21.91	32.7	24	11.8	4.4	1	212	56.1	11	96	77	93	55	42	188	1819	7	60	5	985	14	0					
Santiago-San Lázaro	15.9	21.05	32.0	24	11.5	5.1	1	185	41.6	13	-	76	91	53	46	210	1906	9	62	13	979	13	0					
Sergude	16.5	22.46	33.1	24	11.6	3.1	1	127	28.4	11	-	78	95	54	41	185	1816	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Serra da Faladoira	13.1	17.53	28.8	25	9.6	3.9	1	106	15.6	26	11	86	98	68	45	204	1877	17	68	5	949	16	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 5

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	14.5	19.8	29.0	25	10.8	4.4	1	113	23.0	12	-	83	95	65	40	183	1726	-	-	-	-	-	-	-	-	14	0	
Abradelo	14.8	21.11	31.7	24	9.6	2.7	1	155	28.6	9	-	71	91	49	50	225	1982	-	-	-	-	-	-	-	-	12	0	
Alto de Cerredo	13.3	18.23	27.9	24	9.1	1.2	1	113	21.4	28	-	77	92	57	-	-	-	6	55	13	906	15	0	906	15	0		
*Alto do Faro	13.6	18.89	29.7	24	8.7	1.5	1	109	26.9	11	-	76	93	54	-	-	-	5	48	5	920	10	0	920	10	0		
*Alto do Poio	11.7	16.57	25.8	24	7.5	-1.3	1	151	32.6	11	-	75	91	55	-	-	-	8	60	6	-	13	1	-	13	1		
Ancares	11.8	16.65	26.8	24	7.6	-1.7	1	87	14.4	9	-22	74	90	54	40	181	1720	18	81	5	864	15	1	864	15	1		
*Borreiros	15.3	20.21	26.0	25	10.9	5.6	1	124	32.6	9	22	81	95	62	42	190	1725	5	52	13	1007	15	0	1007	15	0		
Bóveda	16.3	23.69	35.2	24	9.8	0.3	1	118	26.2	9	-10	73	94	45	50	227	1980	6	45	26	965	12	0	965	12	0		
Burela	13.5	16.97	28.5	25	11.0	5.7	1	99	24.2	28	11	84	95	68	33	152	1571	14	71	13	-	14	0	-	14	0		
Campus Lugo	15.5	22.94	34.1	24	9.7	0.7	1	122	21.6	26	5	77	98	49	42	190	1867	5	56	5	968	11	0	968	11	0		
Castro R. de Lea	14.8	21.67	30.9	24	9.5	2.7	2	167	55.3	28	-	82	97	56	44	198	1794	-	-	-	966	14	0	966	14	0		
Conchada	16.0	22.8	33.5	24	10.3	1.6	1	70	24.8	28	-	73	92	50	49	222	2023	-	-	-	-	11	0	-	11	0		
Corno do Boi	13.5	19.59	31.0	24	8.8	1.8	1	157	31.8	11	50	82	98	56	46	206	1852	11	82	5	-	14	0	-	14	0		
Courel	15.3	21.27	31.3	24	9.9	2.0	1	95	20.9	28	-38	67	89	45	46	207	1930	9	59	10	927	12	0	927	12	0		
*Fontaneira	13.6	19.15	29.0	24	9.0	1.6	1	129	30.5	28	17	79	93	58	44	197	1862	4	45	17	910	16	0	910	16	0		
Foz	14.7	18.73	24.1	25	11.4	5.8	1	90	23.4	28	-5	83	94	68	36	164	1661	10	67	5	1007	13	0	1007	13	0		
Fragavella	13.0	17.65	28.4	25	9.1	3.8	1	143	27.4	28	47	88	99	69	45	204	1860	12	75	5	946	14	0	946	14	0		
Guitiriz-Mirador	13.5	19.46	29.3	24	9.1	2.2	1	130	23.1	26	28	81	97	56	41	186	1759	10	57	5	936	14	0	936	14	0		
*Labrada	13.1	18.08	26.9	25	9.1	2.2	1	166	28.0	11	65	82	97	61	43	196	1816	9	58	5	-	15	0	-	15	0		
*Lanzós	13.8	20.7	31.0	24	7.3	0.4	2	115	20.6	11	-	81	97	54	-	-	-	3	70	10	960	14	0	960	14	0		
*Lourenzá	15.7	21.38	32.0	25	11.4	6.1	1	111	24.8	28	-	83	97	62	-	-	-	4	48	13	-	18	0	-	18	0		
Marroxo	15.9	22.05	32.6	24	10.8	2.9	1	93	26.6	28	-36	71	90	47	47	211	1983	6	49	5	942	11	0	942	11	0		
*Míllara	16.9	24.53	35.7	24	10.7	2.5	1	76	15.6	11	-	76	98	47	-	-	-	6	57	11	-	11	0	-	11	0		
*Morelle	15.7	23.14	33.9	24	9.4	0.9	1	122	36.6	28	11	79	98	51	40	179	1777	3	38	9	967	13	0	967	13	0		
O Cebreiro	11.7	18.14	28.7	24	6.6	-1.8	1	121	30.8	11	14	79	94	57	42	190	1806	11	55	5	869	14	1	869	14	1		
O Xipro	13.9	20.01	29.6	24	9.0	2.4	1	113	27.8	28	2	78	96	53	40	180	1823	9	64	6	925	14	0	925	14	0		
*Olveda	14.8	21.56	32.9	24	8.8	0.3	1	90	21.5	26	-25	82	99	57	45	204	1934	4	42	5	-	12	0	-	12	0		
Pedro Murias	15.5	19.16	24.9	25	12.4	7.5	1	84	19.0	28	-17	79	88	67	38	170	1633	8	71	5	1010	14	0	1010	14	0		
Penedo do Galo	12.7	16.52	27.2	25	9.9	4.0	1	99	23.6	9	-	86	97	70	42	190	1751	--	--	-	-	16	0	-	16	0		
Pol	13.9	20.08	30.0	24	9.1	2.4	1	136	36.7	28	-	81	99	54	46	208	1862	-	-	-	940	15	0	940	15	0		
Portomarín	15.5	23.29	34.6	24	9.4	2.2	1	96	26.0	26	-	81	99	51	41	186	1684	-	-	-	964	11	0	964	11	0		
Sambreixo	14.3	21.21	32.1	24	8.2	1.3	1	112	22.6	26	-	80	96	52	44	198	1787	-	-	-	-	14	0	-	14	0		
*San Clodio	17.9	25.67	36.1	24	10.4	1.8	1	59	13.8	28	-	70	97	41	-	-	-	3	42	5	985	11	0	985	11	0		
*San Fiz	16.4	22.77	33.4	24	10.7	3.0	1	96	32.7	26	-31	77	97	51	46	206	2011	8	45	11	969	10	0	969	10	0		
Ventosa	14.0	19.93	30.1	24	8.6	1.9	1	128	31.2	12	10	74	92	51	45	204	1881	10	64	5	912	14	0	912	14	0		
*Vilamor	15.3	20.51	31.5	25	11.2	5.8	1	131	38.7	28	25	78	91	58	40	180	1754	4	32	5	-	16	0	-	16	0		
*Xabrega	16.7	24.23	35.2	24	10.5	1.6	1	89	23.5	11	-41	71	93	43	46	204	1972	5	59	5	978	11	0	978	11	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 5

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	14.4	20.21	29.4	24	8.9	-1.6	1	126	33.4	11	-9	68	87	47	53	238	2082	11	57	18	901		12	1				
*A Portela	17.9	25.35	35.4	24	11.0	3.9	1	121	42.6	9	-20	65	91	38	50	225	2000	5	45	5	-		11	0				
*A Trabe	15.8	21.23	30.1	24	10.4	1.6	1	145	35.9	10	8	67	85	47	52	235	2090	5	42	5	927		11	0				
Alto do Rodicio	13.5	18.6	28.2	24	8.8	0.8	1	136	30.8	12	17	77	94	56	51	231	2013	12	64	5	904		14	0				
Amiudal	15.6	21.74	32.2	24	10.5	2.2	1	131	27.5	11	-1	73	91	51	52	235	2084	10	61	5	951		12	0				
As Petarelas	16.6	23.84	33.6	24	9.9	3.1	1	93	27.3	26	-	67	91	42	48	217	1997	-	-	-	-		11	0				
Baltar	14.3	21.12	29.8	24	7.4	-2.0	1	110	26.0	11	-16	72	98	44	50	223	2020	10	52	11	924		11	2				
Cabeza de Manzaneda	8.8	12.37	21.6	24	5.2	-4.1	1	135	29.9	11	43	80	93	64	46	206	1899	20	79	5	824		14	4				
*Calvos	13.3	20.03	30.3	24	5.9	-1.4	2	131	30.4	11	11	77	99	50	51	227	2025	8	58	10	-		9	4				
Casaio	13.0	17.44	26.2	24	8.6	-0.6	1	62	18.3	12	-	64	84	46	-	-	-	8	65	5	-		12	1				
*Corzos	12.8	18.98	27.7	24	7.1	-2.1	1	158	32.9	10	-	70	90	48	-	-	-	9	47	5	-		13	1				
Entrimo	15.3	21.21	32.0	24	10.0	1.1	1	193	55.1	11	-	76	93	55	46	206	1929	-	-	-	-		11	0				
*EVEGA Leiro	17.9	27.23	38.5	24	10.3	0.8	1	140	33.2	11	-	73	95	41	-	-	-	1	35	5	1002		10	0				
Gandarela	16.3	23.26	33.9	24	10.9	3.3	1	79	23.9	11	-59	72	91	50	53	240	2075	7	65	25	944		8	0				
Lardeira	10.1	14.79	23.4	24	5.9	-3.4	1	64	14.7	26	-41	76	92	58	46	205	1905	21	98	5	838		11	3				
*Larouco	17.2	24.05	34.0	24	10.5	3.1	1	66	22.6	26	-	59	82	36	-	-	-	4	37	5	955		9	0				
Laza	16.2	23.42	33.0	24	9.6	1.1	1	109	17.8	10	-20	70	93	43	49	220	1958	6	57	5	-		13	0				
Monte Medo	15.5	22.06	32.4	24	9.4	1.2	1	132	36.8	12	-	74	94	47	49	222	2034	-	-	-	-		13	0				
O Invernadeiro	13.5	20.05	29.6	24	7.3	-0.6	1	142	29.8	11	19	73	93	51	48	216	1967	8	64	26	900		13	1				
Ourense	18.2	26.24	37.8	24	11.1	0.8	1	86	26.8	26	-	66	92	37	-	-	-	-	-	-	-		10	0				
Ourense-Estacións	18.8	26.3	37.7	24	12.2	2.6	1	77	22.6	26	-62	66	90	39	51	230	2004	4	58	5	1000		10	0				
*Pazo de Fontefiz	16.6	22.8	32.8	24	10.8	1.9	1	66	17.3	11	-65	70	89	47	51	231	2013	4	36	5	967		10	0				
*Ponte Boga	16.8	23.51	33.8	24	10.6	3.0	1	76	21.3	26	-62	62	83	38	47	209	1978	5	47	5	961		12	0				
*Prado	17.8	25.52	35.8	24	11.3	2.2	1	132	39.6	11	-	72	93	46	-	-	-	2	38	5	1000		10	0				
Remuíño	17.8	27.53	39.1	24	10.7	3.1	1	121	33.4	11	-13	76	97	43	50	225	2038	2	36	25	-		11	0				
*Riós	15.2	21.31	30.6	24	9.2	1.1	1	96	22.2	10	-26	72	93	48	42	189	1940	4	35	11	-		11	0				
San Xoán de Río	13.5	19.21	29.1	24	8.4	-0.2	1	81	22.6	28	-39	75	95	53	48	216	1960	13	62	5	899		12	1				
Serra do Eixe	12.5	17.9	27.4	24	7.6	-0.5	1	79	18.5	26	-40	75	93	53	49	219	1995	14	82	11	879		11	1				
Verín-Vilamaior	16.8	24.01	33.5	24	10.3	1.3	1	85	27.8	28	-53	69	91	43	50	224	2038	6	39	5	953		12	0				
Verín-Vilela	16.7	24.93	34.8	24	8.4	-0.2	1	84	34.4	28	-48	73	97	42	51	230	2024	5	45	26	-		10	1				
Viana do Bolo	14.8	21.18	30.2	24	8.5	-1.1	1	123	29.9	26	1	72	93	49	48	216	1904	8	53	5	919		11	1				
Xares	9.2	13.64	23.5	24	5.1	-4.2	1	160	36.2	16	64	78	93	63	43	194	1841	22	90	5	824		15	3				
*Xinzo	15.4	22.74	31.7	24	8.3	-0.2	1	78	20.7	11	-50	77	99	51	52	232	2056	5	34	9	-		9	1				
Xurés	13.7	18.56	28.7	24	9.0	1.1	1	141	32.7	11	9	73	92	55	55	247	2154	14	66	11	897		10	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Xeada			
Pontevedra																									
*A Armenteira	15.8	20.64	31.6	23	11.2	4.1	1	173	50.4	11	56	80	95	62	48	217	1964	7	49	11	-		13	0	
A Granxa	17.3	24.06	34.7	23	11.1	2.7	1	184	46.0	11	58	78	97	51	52	233	1988	4	47	13	1010		11	0	
A Lanzada	17.1	21.81	33.3	23	12.8	5.7	1	123	23.2	5	-4	80	94	61	58	259	2126	14	76	5	-		13	0	
*Areas	17.6	24.91	35.7	24	12.1	3.6	1	122	31.6	11	-	79	96	53	-	-	-	1	28	13	-		11	0	
*Areiro	17.1	22.05	32.9	24	12.8	5.4	1	191	48.8	11	-	78	92	59	-	-	-	3	26	18	1006		10	0	
*As Eiras	17.4	22.98	34.3	23	12.6	4.3	1	108	26.4	11	-22	77	95	55	53	237	2053	3	39	11	1009		10	0	
*Barrantes	16.8	22.04	33.0	23	11.6	3.5	1	159	37.4	12	39	80	96	60	53	236	1963	3	37	13	-		11	0	
Cabo Udra	17.2	21.5	30.2	24	13.3	6.4	1	116	28.2	11	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-	-	14	0	
Caldas de Reis	16.5	22.42	33.4	24	11.9	5.7	2	161	36.7	11	-	65	89	39	48	214	1901	-	-	-	983		13	0	
*Camanzo	16.5	22.67	33.0	24	11.2	1.3	1	148	29.1	26	29	78	95	55	46	207	1903	5	53	13	991		12	0	
Cangas-Porto	17.3	20.78	32.0	23	14.2	7.7	1	104	29.0	11	-	74	88	56	-	-	-	9	57	13	-		10	0	
Castro Vicaludo	15.2	18.76	29.7	23	11.9	6.5	1	148	41.5	11	30	78	93	61	50	223	1967	15	81	10	960		11	0	
Castrove	15.9	21	31.8	24	11.7	4.9	1	154	39.8	11	37	77	92	60	46	206	1834	8	51	11	965		12	0	
*Cequelifios	17.7	24.89	35.6	24	12.1	3.5	1	123	38.4	11	-20	72	93	46	53	240	2090	7	47	5	-		11	0	
Corón	17.3	21.04	30.6	23	13.9	8.3	2	117	23.8	11	-20	75	90	57	57	258	2176	14	70	5	1013		14	0	
*Entenza	17.6	24.31	35.4	23	12.0	2.7	1	123	33.4	11	-4	77	97	53	51	227	2004	2	38	12	-		9	0	
Fornelos de Montes	15.1	19.43	30.1	24	11.0	2.9	1	240	59.6	11	126	76	92	59	46	206	1752	15	83	5	934		14	0	
Illas Cíes	17.0	20.14	30.0	23	14.2	9.0	1	78	19.3	12	-44	84	94	69	56	252	2129	12	64	5	-		9	0	
Lalín	15.2	20.73	31.6	24	10.0	2.3	1	137	33.9	26	-	75	95	51	-	-	-	8	53	25	-		12	0	
*Louredo	16.2	22.14	33.8	23	11.7	4.2	1	169	35.7	5	-	81	96	60	-	-	-	2	31	11	986		9	0	
Lourizán	17.4	22.73	33.4	23	12.8	5.0	1	163	42.6	11	41	82	98	61	48	216	1939	3	41	5	1009		13	0	
*Meder	17.6	23.96	34.1	24	12.3	3.8	1	127	31.0	11	-	71	89	49	-	-	-	2	30	13	998		11	0	
Monte Aloia	15.6	21.12	32.4	24	11.4	4.3	1	138	43.2	11	21	80	94	62	46	205	1896	9	60	13	959		12	0	
Mouriscade	14.9	21.88	32.8	24	8.3	-0.9	1	149	33.6	11	27	79	93	60	51	228	2016	7	48	5	957		13	2	
O Viso	16.8	23.32	34.0	23	11.7	4.4	1	132	25.8	26	7	76	92	56	50	224	1928	9	64	5	984		10	0	
Ons	16.4	19.94	31.1	24	13.4	8.8	2	94	22.6	10	-30	83	94	67	60	268	2261	17	68	5	1001		12	0	
*Pé Redondo	17.4	22.46	32.5	24	13.0	8.2	1	173	35.0	12	56	79	93	60	47	210	1840	2	46	10	-		13	0	
Pereira	14.3	19.46	29.8	24	9.7	1.8	1	210	43.8	11	-	79	94	60	51	229	2014	-	-	-	933		13	0	
*Ponte Caldelas	16.1	21.06	31.8	24	11.2	1.8	1	159	29.8	26	33	74	90	55	50	225	1909	7	46	5	973		12	0	
Pontevedra-Campolongo	18.2	24.39	36.2	23	13.1	5.1	1	154	39.5	11	-	73	91	51	-	-	-	2	44	13	-		13	0	
Queimadelos	17.1	23.57	34.7	24	12.4	5.0	1	202	55.8	11	91	75	90	56	37	166	1695	1	28	11	972		12	0	
Rebordelo	15.4	21.57	33.0	24	9.4	-0.6	1	180	35.5	11	-	80	98	56	47	213	1865	-	-	-	973		14	1	
Sanxenxo	17.5	21.86	33.0	23	13.5	7.8	1	107	24.4	11	-17	76	90	56	49	219	1959	5	51	10	1011		13	0	
Serra do Faro	13.3	18.17	29.2	24	9.1	0.7	1	133	44.0	11	15	76	91	56	46	206	1887	18	82	5	903		13	0	
*Simes	17.2	22.95	34.3	24	12.1	5.9	1	117	32.3	11	-5	78	94	57	50	224	1974	1	28	18	-		11	0	
*Soutomaior	17.0	22.3	33.6	23	12.6	4.7	1	140	31.0	26	-	69	85	49	-	-	-	3	41	12	995		9	0	
*Torrequeintás	17.4	22.61	33.6	23	12.6	4.5	1	142	31.4	12	5	70	86	50	48	215	1900	5	47	11	1006		13	0	
*Tremoedo	17.2	21.96	32.2	24	12.8	4.0	1	155	32.1	5	-	72	86	53	-	-	-	3	42	14	1007		15	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 5

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Vigo	17.5	21.98	33.1	23	13.5	7.7	1	107	21.9	11	-	74	89	55	-	-	-	-	-	-	-	9	0			
Vigo-Campus	15.8	19.74	30.9	24	12.4	6.7	1	136	38.9	11	9	72	88	53	52	234	2027	8	63	10	962	10	0			
Xesteiras	14.1	18.05	29.9	24	10.6	3.6	1	182	47.0	11	-	77	90	58	-	-	-	20	93	5	-	14	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.